

Gramática do silencio

Paulino Vázquez Vázquez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VÁZQUEZ VÁZQUEZ, PAULINO (2011 [1987]). “*Gramática do silencio*”.
Dorna: 12, 65-68. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas
contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/103>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VÁZQUEZ VÁZQUEZ, PAULINO (1987). “*Gramática do silencio*”. *Dorna*: 12,
65-68.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

GRAMÁTICA DO SILENCIO

Paulino Vázquez Vázquez

Un primeiro boceto de *A morte presentida* foi o poemario chamado por Eusebio *Gramática do silencio*. Moi elaborado ese primeiro esquema (poemas refugados ou remodelados), o título suxire un dos aspectos sobre o que o autor traballaba, afín a uns modelos poéticos que operan coa disxuntiva silencio/expresión e que acaso se expliciten primeiramente en Mallarmé. (Lembro unha cita deste autor que Eusebio puña como encabezamento á *Gramática*). ¿Cal é o sentido de que unha arte procure o seu propio ocultamento?. A literatura é expresión, e unha ruptura (ou ó menos a busca da ruptura) do seu concepto levaría á suposición ou “posta en cuestión” de que a súa determinación é confusa. Volvemos á pregunta ¿“Qué é literatura?” ou á noción borgeana de que unha literatura se fai a partir doutra literatura. En todo caso o “quid” estético é “que nunca me cabe expresar”, como na ética kantiana o home se plantexa contidos pragmáticos. A tradición da poética do silencio non é nova. Paul Valéry exclama:

“O mon silence... Edifice dasn l'âme”

Constitución da alma, da mente. Non é a negación da cualidade poética (a palabra) a procura dun sentido do que se remite a si mesmo (a linguaxe)? Acaso o seu sentido sexa negalo seu sentido. O importante é que o autor acerte a reflexionar sobre o material co que traballa dende o comezo do seu decorrer poético: a actividade material é así responsable. É a única ética que se lle pode formular á arte.

Sobre este punto reitera Eusebio Lorenzo a súa vaguedade ou incerteza ante o fenómeno artístico. Como algunha vez sinalou, considerando o postulado doutro poeta “a arte sucede” (Ver *Desde a palabra doce voces* de Luciano Rguez.). Isto implica prescindir dunha óptica cientifista para a análise do produto estético. No curso da poesía vai o refugo de presupor cales son os elementos “a priori” que fan dun obxecto material algo artístico. É un sentido da crítica que nega a crítica e se queda en paráfrase: a poesía só pode ser explicada dende a poesía. Non podemos abarcar nos dominios da lóxica o que pertence a unha linguaxe *sui generis*. Neste aspecto toda crítica é prescindible, ou baladí. Saber dos elementos que posibilitan o feito estético “a priori” é tan vano como poder facer poesía con simple combinatoria (nalgún lado deixou Borges isto escrito). Creo que o sentido da poesía como crítica da poesía é claro nos versos de Eusebio. Por outra parte isto axuda a olla-la súa concepción poética (mesmo que esta sexa a negación ou a posta en cuestión dunha calquera dada).

Lemos en *A morte presentida*:

Enigma

“La mar és adormida, el cel és clar...”

Josep Carner

Por fin, ante a linguaxe
que é un abismo,
un desexo que habito e non pronuncio,

todo busca o seu centro,
o seu comezo,
todo se torna espello, azar, imaxe.
Aquí comparto os días e os silencios,
as mañás transparentes, as futuras.
Entrégome a este mar de luz e signos,
a unha branca extensión que se perfila
no interior secreto de min mesmo.
Busco o clamor dos corpos, das palabras
neste mar que convoco e non responde.

O “mar de luz e signos” é o texto. A metáfora é continua: a branca extensión que se perfila cara un mesmo é a escritura. Olla-la linguaxe, como olla-lo mar, é o noso límite. Nada hai definitivo nesta paisaxe de sombras onde as palabras e os corpos se esvaen nun fondo común: o silencio.

Ó longo dos seus poemarios o autor chega a identificar (intuición e intelixencia son notas dos seus versos) silencio e olvido. O mesmo xeito de ocultamento. O que non é vivido, o que non é expresado: e nesa tendencia cara o propio crepúsculo dase vibrante a imaxe necesaria:

A favor do poema

Non ter medo da morte
nen da branca visión silenciosa
que fixo o poema.

Lentamente, un adértrase no texto negando a súa consistencia: como indagar na memoria onde todo está e xa non existe. Procurar espacios vacíos para as cousas que se perden. O sentido oculto do poema vólvese sentido da vida.

Recordos

...
Presinto ese verso que nunca trazarei,
esa obstinada sombra que antecipa máis luz,
o lamento final dos ríos e das illas.
A esta hora final xa non me agardan.

Eís un dos aspectos, pois, que o lector debería ter en conta. A poesía de Eusebio está constituída coma un todo onde os elementos simbólicos (o olvido, a sombra, a memoria, o silencio, o corpo) actúan de puntos de interés vitais: as paisaxes, o amor, a paternidade, a infancia. Pode darse unha lectura culta dos seus versos e podemos entendelo mellor dende presupostos referenciais: o que é vital só pode ser comprendido dende unha experiencia compartida.

A arte oponse á vida: non impide isto que esta nos achegue a unha comprensión máis nítida da mensaxe:

Aínda que a morte tinxa
de olvido canto quixen
que non vexa o meu corpo
extinto e en silencio.

Sinala T. Adorno respeito ó que tratamos que “sería máis de desexar que un día a arte en canto mal desaparecese a que olvidase o sufrimento que é a súa expresión” (*Teoría Estética*). ¿Que máis ético que o silencio? Sen embargo o poema é un acto amoroso que se fai necesario:

“Nos seus ollos perdidos lembrarás os meus ollos”

Poesía amorosa, fráxil coma o peso das areas. Un dos máis fermosos poemas do libro é un envío (o que é un xeito de estar ausente) en que a desolación olla a súa esperanza no que comeza, coma un verso novo:

Envío

Que o tempo nunca ancore nos teus ollos
como ancora no espiño, na pel das miñas mans
ou no poema
para salvar as palabras máis antigas
do espolio dos anos
así como se sente no xardín
a rosa transparente.

O razonamento de Adorno é lúcido. ¿Como pode pretendese unha interpretación inmanentista da obra de arte se acaso para o último achádego foi necesaria a historia da literatura? Nese sentido reflexiona o libro de Eusebio (aquí acho apropiado o término “autorreflexión” da linguaxe poética, que non en U. Eco). Deslizarse sobre un texto é máis que adentrarse nun sistema de signos. Porque o que se trata é ensaiar un espacio, “un lugar para as cousas”, e a intuición lévanos ó símbolo: mesmo ao símbolo daquilo que non ten unha representación (o silencio). Entón para cada un cobra a significación que a nosa mente estea disposta a adecuar:

Sinto entre as últimas formas da morte
a índole da forza con que un día te ameí
cando puñas lixeira aquel xardín á alba
por entre estes meus ollos tan cargados de noite

O poemario é concentrado. Non abundan as referencias culturais que outros libros teñen. As liñas de fuga (unha delas o silencio) serven de pano de fondo ó tema da morte. A morte é unha maneira de silencio:

*Se a morte é unha linguaxe
para*

e pasa a converterse en centro de interés (dicia Rilke que a poesía era válida cando partía da necesidade). Á beira da morte sitúase canto foi escrito (coma unha conciencia de autoabandono) e o xeneroso verso desprázase ás marxes para contempla-la vida:

...
Na xenerosa luz deste mencer
que agallopan cabalos de silencio
sinto o ritmo das fontes,

o medrar das cerdeiras
e o peso tenro dos teus ollos
no gastado metal da miña voz.

Eloxio da sombra (como Borges inquiriu), procura do equilibrio, disposición temática precisa, sentido dunha linguaxe poética que é crítica en si mesma son os fragmentos que acho na derradeira entrega de Eusebio Lorenzo.

A insistencia no vacío, no espacio en branco, no que queda por expresar ou que expresándose busca o seu ocultamento, atopa motivación na afinidade na que se atopa unha linguaxe afastada de significados, que busque non a concreción dun sentido, e a carencia de expresión. Acaso se toquen os extremos. O que empuxa á arte é a contradicción: o proceso da arte considerada coma un facer e a dúbida sobre a súa realización son planos complementarios:

Busco nun tempo
nacido para a sombra
o reflexo do tempo
sobre a orde incerta das cousas.

“Nada nos une. Nada nos separa”. Así contestaba Eusebio sobre a consideración da nova poesía galega. É un xeito de definir que tacitamente implica varias suposicións e que en aparencia non di nada. Esa ollada pudorosa, a fragilidade de tocar o que as palabras suxiren, é a maneira de compor do autor. E nada é definitivo:

“Mais a vida, porén, é breve; e só na brevidade
perduramos.
A paradoxa, se existe, está en nós mesmos”.